

Reto Nº 2: CAMPAÑA 2018-19

En 1984 saíu á venta unha famosa zapatilla deportiva da que hoxe en día levan sacado ao mercado 23 xeracións. ¿Para que deportista foron deseñadas expresamente e que casa comercial o fixo?

Agora ese deportista é o propietario dun equipo que leva uns AVISPÓNS no nome...e que xoga nunha cidade pertencente a un estado americano con nome de muller que coincide co título dunha famosa canción tradicional que cantou, entre outros, o grupo “fuxan os ventos” ¿cal?

¿Que tiña a protagonista da canción pintado na saia?

Ese animal e os da súa especie mantiveron en vilo a España cunha serie de televisión dos anos oitenta. ¿como se chamaba?

O símbolo dos “malos” da serie era unha estrutura de 3 raias e 2 puntos que algúns consideraron que era unha analoxía cun símbolo alemán desgraciadamente famoso e real. ¿Con que nome se coñece este símbolo?

¿Que ideoloxía se representa tradicionalmente con este símbolo?

Unha das películas máis famosas da historia centrábase na época onde este símbolo se fixo máis preocupantemente famoso ¿Onde rodou o seu director, que por certo era xudeu, esta película durante 1993?

O aeroporto desta cidade leva o nome dun personaxe relixioso moi coñecido en todo o mundo. Un 13 de maio viviu unha situación bastante traumática que tivo como consecuencia algo relacionado co coche no que viaxaba. ¿Que cambio houbo que introducir no vehículo para que non lle volvera a suceder o mesmo?

Outro 13 de maio, pero 14 anos despois, foi histórico polo que fixo unha muller ¿como se chamaba e que acadou?

A súa alegría durou 3 meses xustos ¿Por que?

No deporte que practicaba esta muller triunfou tamén outra por ser a primeira da historia en completar unha proeza entre o 2001 e o 2010. ¿Como se chamaba, de onde era e que fixo?

CANDO CREADES TER TODO RESPONDIDO CORRECTAMENTE MANDADE AS RESPOSTAS A

sansafq@gmail.com

non se admitirá ningunha resposta que non se mande por e-mail

só se admite unha contestación por clase